



# **PLAN DE IGUALDADE**

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
A CORUÑA 2019

## 1.- Introducción

## 2.- Marco Normativo

- Ámbito Estatal
- Ámbito Autonómico

## 3.- Contexto do CEIP Emilia Pardo Bazán

### 3.1. Contorno

### 3.2. Familias

### 3.3. Unidades Centro. Profesorado

### 3.4. Espazos

### 3.5. Servizos do Centro

## 4.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia

## 5.- Obxectivos coeducativos que se abordan no plan

## 6.- Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

### 6.1. Organización do Centro

### 6.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

### 6.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional e de xeito inclusivo

### 6.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

## 7.- Seguimento e avaliación

## **1.- Introducción**

As condutas sociais confórmanse en diferentes ámbitos e espazos: a escola, a familia, os medios de comunicación. Ao longo do proceso de socialización e a través das distintas etapas, os nenos e nenas van asumindo diversos roles e valores que potencian o desenrolo das distintas capacidades en función do sexo.

Educación é proporcionar unha formación global que lles permita aos nenos e nenas, mozos e mozas, unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez, o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A educación para a igualdade debe facerse dende as idades máis temperás, mediante unha aprendizaxe que promova en cada persoa hábitos no persoal e na súa relación cos demais. A escola pode preparar unha educación integral que facilite o desenrolo de cada individuo, home ou muller, en todas as súas dimensións, que traballe activamente e de modo transversal para a superación de prexucios e estereotipos sexistas.

Debemos crear as condicións necesarias para que a escola potencie as aprendizaxes para a vida afectiva e incorpore o valor e riqueza que supón a diversidade de modos de ser homes e de ser mulleres, que son o substrato imprescindible para establecer unhas relacións baseadas na equidade, o respecto e a corresponsabilidade.

A educación para a igualdade só é posible cando se asenta nunha metodoloxía aberta, creativa e flexible que dé cabida a unha educación emocional que nos permita proxectar unha verdadeira escola de iguais. Unha educación para a igualdade debe estar centrada no fomento do traballo en grupo, o diálogo, as relacións afectivas, a resolución de conflitos, o respecto e a cooperación, incidindo na toma de conciencia de que todos e todas temos os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades.

## **2.- Marco normativo**

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo e no artigo 9.2 establece que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de Autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, competencia plena da nosa Comunidade Autónoma.

No artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, recóllese que a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade de mulleres e homes, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

### **ÁMBITO ESTATAL**

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: no seu preámbulo pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación, establece como principio d a educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”

No artigo 2 dise que o sistema educativo orientarase á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.

A Lei orgánica 2/2007, do 22 de maio, para a igualdade de mulleres e homes establece:

Artigo 23: A educación para a igualdade de mulleres e homes:

O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

Artigo 24: Integración do principio de igualdade na política de educación:

1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.
2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:
  - A. A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
  - B. A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
  - C. A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
  - D. A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e goberno dos centros docentes.

- E. A cooperación co resto das administracións educativas para os desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecementos e difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- F. O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia.

## **AMBITO AUTONÓMICO**

Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:

### **Artigo 17: O currículo regulador do sistema educativo**

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto as mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:
  - A. A comprensión do valor constitucional da igualdade entre sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
  - B. O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres e homes no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
  - C. A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

D. O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

E. A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

#### Artigo 18: Erradicación de prexuizos nos centros docentes

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo ou outro en calquera ámbito da vida.
2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas

Artigo 19 refírese á integración da igualdade na formación profesional dispoñendo: “no desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres”.

Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como a finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén, diversas referencias nos contidos concretos dos currículos. Ao igual que os decretos aprobados nos últimos anos que regulan cada currículo de ciclos formativos e as ensinanzas especiais teñen como denominador común a presenza deste obxectivo.

Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.

Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:

Artigo 22: Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos

Artigo 23: Actitudes: a Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou identidade de xénero.

Artigo 24: Formación do persoal docente: actividades de formación para o persoal docente existente e incorporación aos cursos e mestrazgos de formación do futuro persoal docente.

Artigo 25: Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPAS

Artigo 26: Combater o acoso e favorecer a visibilidade

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.



Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, inclúe entre os seus elementos transversais evitar “os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

### **3. Contexto do CEIP Emilia Pardo Bazán**

#### **3.1. O Contorno**

Aglutinamos a poboación do barrio de Labañou, do Polígono de Los Rosales e unha pequena porcentaxe de alumnado procedente de O Portiño (fundamentalmente de etnia xitana).

O barrio de Labañou está constituído fundamentalmente por vivendas de “tipo social”: Grupo María Pita, Grupo Pardo Santallana, edificio Herradura e torres da rúa Espiga.

A construción do barrio de Los Rosales, foi iniciada en 1995 no extremo noroeste da cidade, ao pé do monte de San Pedro. Pola configuración dos seus edificios e a disposición de rotondas e zonas verdes, a súa forma desde o aire imita á dunha rosa, sendo o eixo vertebrador a Avenida de Manuel Azaña. Conta cun centro comercial e de lecer. Nesta zona atópanse os colexios Calasanz Feminino, Calasanz Masculino e Emilia Pardo Bazán.

Isto reflicte a coexistencia de diferentes grupos socioeconómicos e culturais.

#### **3.2. As familias**

O tipo de familia deste centro é basicamente urbano e soen traballar os dous proxenitores. Tamén hai unha porcentaxe de familias monoparentais formado por pais/nais separados e o que isto conleva.

Estes últimos anos estase notando un aumento de familias estranxeiras, case todas de América Latina.

O alumnado de etnia xitana é minoritario e a súa asistencia ás clases é moi itinerante.

A asistencia ás reunións cos titores no comezo de curso vai diminuindo a medida que suben os cursos. Acoden ás titorías regularmente e pódese dicir, salvo algunha excepción, que hai unha relación fluída co centro e son moi colaboradoras.

A ANPA é a que xestiona o comedor escolar e as actividades extraescolares ademais de organizar distintos campamentos nos períodos vacacionais.

A lingua maioritaria é o castelán, aínda que teñen coñecemento do galego e unha minoría, presenta certo grao de uso da nosa lingua.

#### **3.3. Unidades do centro. Profesorado**

O CEIP Emilia Pardo Bazán é un centro de liña 3, polo que ten 18 unidades de E. Primaria e 9 de E. Infantil. O ratio é de 25 nenas e nenos por aula.

Está cuberto o catálogo de postos de traballo e temos fora de catálogo 1 especialista e AL e outro en PT, este último está na aula específica que conta con dous nenos, ademais hai 1 mestra de relixión católica e outra de relixión evanxélica que completa o horario das outras dúas mestras.

Tamén hai un administrativo, unha conserxe e 4 coidadores e outro a tempo parcial compartido con outro centro.

### **3.4. Espazos**

Temos 3 edificios:

- Primaria: secretaría, despachos dirección e xefatura, sala de profesores, conserxería, biblioteca, bibliolab, aulas de Educación Primaria, Música, Inglés, Informática, despacho de orientación, SUM
- Infantil: sala de profesores, aulas de Educación Infantil, SUM, comedor escolar, local ANPA.
- Cole Azul: antigo edificio de Infantil que agora úsase para actividades extraescolares e está cedido á ANPA.

Todos dentro dunha superficie considerable con zonas verdes, un parque infantil e dúas pistas deportivas, o edificio de Infantil conta cun patio para uso propio. Tamén contamos cun invernadoiro e pequenas parcelas de plantación.

Dende o centro organízanse diferentes actividades de fomento da lectura, potenciación da lingua galega, de mellora do medio ambiente, de educación en valores e da cultura da paz.

### **3.5. Servizos do centro**

Todos estes servizos están xestionados polo ANPA:

- Servizo de madrugadores: 8:00 a 9:00
- Comedor escolar: 14:00 a 16:00
- Actividades extraescolares: 16:00 a 18:00
- Campamentos vacacionais: períodos de vacacións

#### **4. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.**

Pódese considerar que esta problemática é baixa ou moi baixa.

Os casos de violencia no centro son ocasionais e, en ningún caso, relacionados ou motivados pola diferenza de sexos e, en canto a LGTBIfobia, non se aprecia un rexeitamento de cara a ese colectivo. Os conflitos veñen dados máis pola idade e convivencia de moitos rapaces e rapazas.

Onde si podemos encontrar maiores dificultades son nos roles de xénero porque aínda abundan na nosa sociedade certos estereotipos relacionados cos roles que deben desempeñar as persoas en canto ó xénero, que se reflicten nos comportamentos do noso alumnado, sobre todo cando vamos aumentando de idade.

Este plan tratará de establecer medidas e actuacións para previr, educar e concienciar a toda a comunidade educativa para a igualdade efectiva en todos os ámbitos da vida con independencia do xénero e/ou a orientación sexual e a corrixir as condutas ou ideas preconcebidas inadecuadas.

#### **5. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan.**

- Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen na escola e modificalas.
- Previr a violencia dende idades temperás
- Axudar e ensinar na resolución de conflitos sen violencia
- Desmitificar as tarefas femininas e masculinas
- Educar na empatía
- Facilitar o uso igualitario de espazos no recreo para nenas e nenos
- Potenciar os xogos cooperativos e os xoguetes non sexistas
- Eliminar os estereotipos de xénero, educando na diversidade
- Fomentar a autonomía do alumnado, tanto na casa como na escola, de xeito que sexan capaces de realizar tarefas cotiás, evitando desigualdades
- Potenciar a colaboración familia-escola na educación para a igualdade de nenas e nenos
- Desenrolar estratexias organizativas e curriculares necesarias para obter un currículo non sexista

- Establecer vías de colaboración con persoas e institucións que promovan a igualdade de oportunidades
- Utilizar unha linguaxe docente igualitaria.
- Coidar que o trato profesorado/alumnado no está condicionado ao sexo da persoa.
- Prestar atención as posibles actitudes sexistas que poidan aparecer na participación na clase.

## **6. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos**

### **6.1 Organización do centro**

Este plan aparecerá dentro dos documentos abertos que se poden consultar dentro da páxina web do centro.

En todos os órganos de goberno están representadas mulleres e homes, tendo en conta que hai unha maioría de mulleres no centro.

No Consello Escolar hai un responsable de convivencia e igualdade dentro da comisión de convivencia.

O profesorado do centro participa nun PFPP no que se traballa a educación emocional e o que conleva: igualdade, empatía, convivencia, cooperación...

Colaboramos con entidades que ofertan actividades relacionadas coa igualdade:

- Plan director: dende o corpo de policía nacional
- Concello: contacontos e obradoiros
- Consellería: Plan Proxecta
- ANPA
- Biblioteca Municipais
- Todas aquelas que oferten actividades que promovan a igualdade e inclusión. Cogami, Axuda en Acción...

No Centro celébrase dunha forma conxunta as datas coeducativas do calendario escolar: 25 de novembro, 8 de marzo...con distintas actividades (murais, contacontos...). Tamén se traballan aquelas que están relacionadas: Dereitos dos nenos, Constitución... e que se recollen na revista web do centro.

Participamos en distintos proxectos que fomentan a igualdade e convivencia:

- Patios dinámicos e inclusivos
- El jardín de Juanita
- PDI: Sabor e saber
- O gusto é noso
- Tan ricamente (Plan Proxecta: aliméntate ben)
- Centros activos e saudables (Plan Proxecta)
- O meu amigo maior (Plan Proxecta: voluntario miúdo)
- Educación responsable (Fundación Botín)
- Orto escolar

## **6.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

Propónse revisar as programacións e o material didáctico empregado para dar visibilidade ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber.

Solicítase ao profesorado e a toda a comunidade educativa que informen de calquera aspecto que supoña un estereotipo de xénero

Dentro de cada aula farase fincapé na importancia da igualdade entre homes e mulleres.

## **6.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

- Patios dinámicos e inclusivos: invítase ao xogo colaborativo e cooperativo de xeito que todas e todos teñan un lugar no xogo durante o tempo de lecer.

- Biblioteca escolar: ademais de dispor dunha ampla bibliografía sobre o tema e que se adquiriran máis exemplares ao longo do curso, propón unha serie de actividades:

- . Voluntarias e voluntarios lectores
- . Clubes de lectura
- . Filosofía para nenas e nenos
- . Apadriñamento lector
- . Radio escolar
- . Bibliolab

- Equipo de dinamización da lingua galega: organiza ao longo do curso actividades que axudan a coñecer e destacar mulleres galegas no seu ámbito:
  - . A semana da ciencia en galego: facendo fincapé nas científicas
  - . O día de Rosalía
  - . O día das Letras Galegas
- Teatro escolar: no centro existe dende vai anos un grupo de teatro: Interaulas, que a través da interpretación fomenta a inclusión e a igualdade con alumnado de distintas idades e necesidades.
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares: é o eixo da realización de todas as conmemoracións e festividades e que potencia a igualdade en todas elas.
- Como asinatura de libre configuración, este centro ten Danza en 4º e 6º de E. Primaria, ademáis, en 5º e 6º de E. Primaria trabállase a Robótica como xeito de incluír as nenas neste tema e aos nenos na danza.

Todas as nosas actividades quedan reflexadas na [páxina web do centro](#)

#### **6.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

Entre as normas de convivencia establécense:

- Dentro dos dereitos do alumnado: Que sexa respectada a súa integridade e dignidade persoais. Excluindo calquera tipo de violencia exercida sobre el.
- Dentro dos deberes do profesorado: Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

#### **7. Seguimento e avaliación**

Este é un plan aberto e que se irá revisando e adaptando á realidade do centro e ás circunstancias do curso. Realízase unha avaliación continua para poder axustar as actuacións que se leven a cabo.

Os indicadores que seguiremos serán:

- Promoveuse o recoñecemento efectivo de oportunidades entre mulleres e homes
- Fomentouse a superación de estereotipos
- Potenciouse a corresponsabilidade doméstica
- Promoveuse a autonomía persoal
- Promoveuse a igualdade no deporte e na actividade física
- Favoreceuse a prevención da violencia de xénero
- Traballouse na detección de posibles casos de abusos e no papel de vítimas, testemuñas e observadores.

Todo isto servirá como proposta de mellora para os seguintes cursos co fin de ir mellorando e completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.